

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, OROSO, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2006

**REUNIDOS**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estevez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, en nome e representación da dita Consellería.

D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, en nome e representación do referido Concello.

D. Carlos Antonio Fernández Castro, alcalde do Concello de Ames, en nome e representación do referido Concello.

D. Adolfo Gacio Vázquez, alcalde do Concello de Boqueixón, en nome e representación do referido Concello.

D. José Luis García García, alcalde do Concello de Brión, en nome e representación do referido Concello.

D. Manuel Mirás Franqueira, alcalde do Concello de Oroso, en nome e representación do referido Concello.

D. Armando Urbano Blanco Martínez, alcalde do Concello de Teo, en nome e representación do referido Concello.

D. Juan Manuel Baleato Iglesias, alcalde do Concello de Val do Dubra, en nome e representación do referido Concello.

D. Odón Casimiro Cobas García, alcalde do Concello de Vedra, en nome e representación do referido Concello.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

## **EXPOÑEN**

1.- Dende hai anos véñense pondo de manifesto cada vez con maior intensidade e cada vez en máis áreas ou aglomeracións urbanas, a necesidade de adaptar os sistemas de xestión do transporte público para responder a determinados modelos de configuración territorial da mobilidade.

A frecuente segregación de usos do solo, con concentración do emprego e dos equipamentos nas áreas urbanas centrais e o traslado dunha parte importante da poboación a zonas residenciais frecuentemente emprazadas noutros municipios distintos do municipio central, modificaron as pautas espaciais do transporte de recorrencia diaria en áreas metropolitanas, áreas urbanas multinucleares, zonas con poboación dispersa, etc.; igualmente, os propios usos sociais e as melloras nas infraestruturas teñen determinado un constante incremento da mobilidade, tendendo a converter relacións anteriormente esporádicas en relacións constantes, reiteradas e permanentes.

O dito cambio na demanda de mobilidade tense decantado ata a data dun xeito maioritario pola utilización do vehículo particular como medio de transporte,

provocando considerables custos sociais (saturación das vías, atascos, insuficiencia de estacionamentos, accidentes de circulación,...) e medioambientais (contaminación atmosférica, acústica,...), difíciles de solucionar ou corrixir agás coa propia minoración no uso do referido vehículo particular.

Nesta liña, e como premisa de calquera política pública da mobilidade que pretenda unha redución no uso do vehículo particular, resulta esencial a dotación dun medio de transporte colectivo alternativo que satisfaga as demandas sociais ao respecto, demandas que se veñen centrando nunha mellora da súa calidade de prestación, con redución de tempos de espera, mellora da penetración urbana, facilitar o transbordo e o propio acceso ao sistema de transporte, e, evidentemente, minoración de custos para o usuario.

Estas novas pautas de demanda do transporte non resultan fáciles de reconducir aos esquemas espaciais e de competencias de base autonómica e municipal ao uso, o que produce unha significativa disparidade nas tipoloxías e calidades de servizos dos transportes urbanos e interurbano cando, en realidade, están atendendo demandas moi semellantes.

Nos últimos anos as Administracións públicas, mediante diversos mecanismos, teñen tratado de atallar este problema, procurando a conxunción dos diversos operadores en conflito de intereses e as diferentes administracións con competencias en materia de transporte.

A administración autonómica e coa constante colaboración das administracións locais implicadas, leva á introdución do concepto *Transporte Metropolitano de Galicia* como marca da Xunta de Galicia que permitirá dotar dunha básica homoxeneidade a esta modalidade de transporte nos distintos ámbitos xeográficos definidos, facilitando o mellor aproveitamento dos recursos e a introdución progresiva de melloras para os usuarios sobre a base de que a coordinación dos modos de transporte e a colaboración interadministrativa é a mellor forma de garantir a adecuada prestación dun servizo de transporte tanto

no ámbito urbano como no periurbano ou metropolitano, razóns que aconsellan o establecemento da liña de colaboración que neste convenio se formaliza.

Para as indicadas fins, a implantación do transporte metropolitano prevese efectualo a través de acordos interadministrativos como o presente entre as administracións implicadas. En síntese, o dito plan prevé o fomento do transporte público de viaxeiros mediante a introdución de diversas medidas, nas que colaborarán as distintas administracións convenientes. Así, preténdese incidir nunha mellora na calidade dos servizos de transporte, tanto mediante a mellora das infraestruturas (novo mobiliario urbano, adaptación, no seu caso, das vías de penetración urbana,...), como na renovación e adaptación dos vehículos, o perfeccionamento da información aos usuarios, etc.; xunto con outras medidas como a redución de custos para os usuarios, tendendo progresivamente á equiparación entre o referido transporte metropolitano e o propio transporte urbano, cara unha prestación integrada dos mesmos (billete único).

**2.-** A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente no seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución española e 27.8 do Estatuto de autonomía para Galicia. O Decreto 519/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, órgano da administración da Comunidade Autónoma ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina no seu artigo 10 que a Dirección Xeral de Transportes terá, entre outras, funcións relativas á coordinación dos transporte urbanos cos interurbanos.

**3.-** Os concellos asinantes deteñen competencias propias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, na ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, e na protección do medio ambiente, segundo o establecido no artigo

80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e dentro dos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

De conformidade con todo o exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder ao desenvolvemento dunha actuación conxunta que permita o establecemento dun transporte metropolitano no seu ámbito, como medio de fomento do uso do transporte público colectivo de viaxeiros, para o que formulan o presente convenio con base nas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### **PRIMEIRA.-** Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto fixar as bases de cooperación entre as partes asinantes do mesmo para levar a cabo medidas de fomento do transporte de viaxeiros no ámbito metropolitano de Santiago.

Nesta liña, constitúese con efectos meramente funcionais a denominada Área de transporte metropolitano de Santiago, que virá constituída polo ámbito xeográfico dos municipios asinantes.

### **SEGUNDA.-** Mecanismos de actuación conxunta para facer efectiva a colaboración – cooperación.

As administracións convenientes promoverán a implantación das medidas de fomento do transporte público para a área de Santiago, nos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral da referida área, nos termos previstos no presente convenio.

Para tal fin, considerando a explotación daqueles servizos a través de concesións administrativas, promoverán cos respectivos concesionarios a súa incorporación á denominada área de transporte metropolitano de Santiago mediante os mecanismos ou procedementos que legalmente procedan, no menor prazo posible, procurando preferentemente a integración voluntaria daqueles, mais sen prexuízo do eventual exercicio das potestades que á administración corresponden como titular das concesións administrativas e órgano de contratación.

As previsións establecidas neste convenio quedarán incorporadas aos respectivos títulos concesionais dende o momento da firma polos seus titulares do correspondente Contrato-Programa coa Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Transportes, quedando vencellado o seu mantemento á vixencia de referido contrato, de xeito que as novacións concesionais derivadas dos mesmos quedan sometidas á condición resolutoria da terminación, por calquera causa, do contrato-programa.

As administracións convenientes promoverán de forma específica a utilización do transporte público colectivo, con suxeición aos procedementos legalmente establecidos en cada caso e ao establecido no presente convenio de colaboración. Nesta liña, promoverán, no ámbito das súas respectivas competencias, a introdución de medidas de discriminación positiva a favor do transporte colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

Concretamente, as administracións convenientes desenvolverán de xeito inicial as seguintes liñas básicas de actuación:

- Mellora da accesibilidade da rede interurbana na cidade de Santiago que se plasma no establecemento dunha rede de intercambiadores e determinación de novos itinerarios de penetración con establecemento, no seu caso, de cabeceiras de servizo distintas da estación de autobuses e na reordenación das paradas dos servizos da Área Metropolitana.

- Establecemento de mecanismos que melloren a conectividade entre as redes de transporte urbán e interurbán así como a complementariedade das mesmas sen duplicidade e potenciado as sinerxias.
- Mellora da oferta da rede de transporte público nos demais concellos.
- Política tarifaria
- Promoción do transporte colectivo de viaxeiros.
- Dotación de infraestruturas.

As administracións promoverán de xeito coordinado cantas medidas estimen pertinentes para a consecución destes obxectivos, no marco deste convenio e da lexislación que en cada caso resulte de aplicación. Igualmente, e nesta liña, as partes asinantes, no marco da comisión de seguimento do presente convenio, promoverán a extensión das medidas de promoción do transporte colectivo de viaxeiros previstas neste convenio, a calquera outro modo, modalidade ou medio de transporte colectivo.

**TERCEIRA.-** Mellora da accesibilidade da rede interurbana na cidade de Santiago.

As administracións titulares de servizos de transporte público permanente de viaxeiros por estrada de uso xeral promoverán a introdución nestes das modificacións precisas en canto aos seus itinerarios para garantir unha mellor conectividade entre as diferentes redes de transporte. Para tal fin, as administracións subscribintes coñecen as propostas formuladas ao respecto polo Plan de transporte, incorporadas ao presente convenio como **anexo I**, manifestando expresamente mediante a sinatura deste convenio a súa plena aceptación dos percorridos urbanos propostos para os efectos previstos polo artigo 18 da Lei 6/1996.

#### **CUARTA.-** Incremento da oferta

No contexto xeral da mellora da oferta compartida polas administracións asinantes considérase conveniente complementar ou incrementar os servizos existentes cando se detecten demandas insuficientes.

Deste xeito, e sen perxuízo de ulteriores acordos de modificación da oferta, procederáse ás modificacións concesionais precisas para implementar os novos servizos recollidos no Anexo VI do presente convenio considerados como de interese predominantemente municipal do concello que os solicita.

**Operatividade.-** Estímase como medio preferente de implantación dos indicados servizos de predominante interese municipal, a súa introdución como modificación dos títulos concesionais de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral indicados igualmente no referido **anexo VI**, sen prexuízo da posibilidade de utilización de calquera outro mecanismo admisible en dereito, logo de oír á comisión de seguimento deste convenio, e coa conformidade dos concretos municipios afectados.

Calquera que sexa o mecanismo utilizado para a implantación dos novos servizos, a Dirección Xeral de Transportes garantirá a consideración como interesados dos municipios afectados polos novos servizos, nos correspondentes procedementos administrativos.

Para tal fin, a Dirección Xeral de Transportes impulsará a integración dos servizos de predominante interese municipal nas correspondentes concesións administrativas de transporte público regular permanente de viaxeiros por estrada de uso xeral; dita integración efectuarase segundo os procedementos previstos para o efecto pola normativa reguladora dos transportes terrestres, garantindo o equilibrio económico das correspondentes concesións administrativas. Igualmente, procurarase acadar fórmulas compensatorias que posibiliten a prestación unitaria dos servizos, sen prohibición de tráfico ningunha.



A implantación efectiva do servizo requirirá a previa aprobación pola comisión de seguimento do convenio das específicas condicións de explotación, cos votos favorables, en todo caso, da Xunta de Galicia e dos municipios directamente interesados. Os ditos acordos deberán prever, en todo caso, o compromiso dos operadores de facilitar ás administracións parte neste convenio directamente interesadas, a través da Dirección Xeral de Transportes:

- un orzamento sobre os custos de explotación da liña, baixo os parámetros elixidos pola administración, que garantan que poida ser plenamente verificado, así como as previsións de evolución nos próximos cinco anos.
- a contabilidade de custos e de ingresos diferenciada tanto da nova liña como da concesión a nivel global, co nivel de desglose determinado pola Dirección Xeral de Transportes, e que garanta, en todo caso, o pleno coñecemento das orixes dos déficits de explotación.
- a remisión dos datos de explotación da liña co nivel de detalle fixado pola Dirección Xeral de Transportes, e en todo caso, cos referentes ao número de expedición, de viaxeiros, con orixes e destinos, e ingresos obtidos, con independencia do medio de pagamento empregado polo usuario.

**Financiamento.-** Os municipios demandantes dos novos servizos de predominante interese municipal asumirán, logo da pertinente tramitación administrativa e aprobación dos expedientes de gasto necesarios, o eventual déficit de explotación que xere a súa implantación e, no seu caso, as compensacións que se establecen a outros concesionarios por captación de tráfico; para tal fin, establécense no antedito **anexo VI** as contías estimadas máximas que acadará o dito déficit e compensacións.

Os eventuais déficits correspondentes a servizos de predominante interese municipal demandados por máis dun municipio, serán distribuídos atendendo á utilización real dos mesmos, con equivalentes criterios de reparto que os

establecidos na estipulación quinta deste convenio para o reparto da bonificación tarifaria asumida polos municipios; no **anexo VI** deste convenio prevense igualmente os municipios que, respecto de cada un deses servizos asumirá o referido déficit de explotación.

O déficit de explotación antedito virá determinado pola incidencia dos referidos servizos dentro do resultado económico do conxunto da concesión, de xeito que a achega municipal garanta o mantemento do equilibrio económico desta analizado no seu conxunto.

Nembargantes, durante os primeiros 12 meses de explotación dos novos servizos de interese municipal a análise de rendibilidade refírese exclusivamente as liñas de nova creación sen que o eventual desfase entre a percepción por billete e as subvencións públicas asimiladas e o custo de prestación do servizo composto polos custos variables e a parte proporcional correspondente dos autos fixos, sen que o eventual déficit poda ser obxecto de compensación ou subvencións cruzadas importes pola administración.

En todo caso, o establecemento efectivo dos servizos anteditos requirirá a incorporación ao expediente que tramite a administración titular das concesións administrativas de transporte afectadas, do acordo acadado pola comisión de seguimento do convenio antedito, coa conformidade dos municipios afectados que deberá versar de xeito expreso respecto das obrigas económicas que do establecemento do servizo se deriven; a dita documentación deberá ser completada, antes do referido establecemento, da documentación contable precisa para o efecto.

Para o fin previsto nesta estipulación, os importes que deban asumir os municipios afectados serán transferidos á Xunta de Galicia nos mesmos termos e datas que os establecidos na estipulación quinta deste convenio; non obstante o anterior, a primeira transferencia efectuarase logo da notificación pola Dirección Xeral de Transportes, aos municipios respectivos, da data prevista

para o establecemento efectivo do servizo, debendo materializarse no prazo de quince días a dende dita notificación; en ningún caso, se porán en funcionamento os servizos con anterioridade á realización efectiva da referida transferencia.

Aos servizos de predominante interese municipal previstos nesta estipulación, e en concreto, ao seu financiamento, seranlle de aplicación as regras sobre revisión, reaxuste e liquidación fixadas na estipulación quinta do presente convenio.

#### **QUINTA.-** Política tarifaria.

**1.-** Política tarifaria.- As administracións públicas participantes acordan a concertación dunha política tarifaria que mediante un abaratamento dos seus custos para os usuarios contribúa ao fomento do transporte público na área de Santiago de Compostela. Para tal fin, a Xunta de Galicia, en canto administración titular dos servizos de transporte público regular permanente por estrada de uso xeral na indicada área, promoverá a asinación de **contratos – programas** cos seus concesionarios (operadores no sucesivo) nos que se estableza a nova política tarifaria nos ámbitos previstos neste convenio.

A dita política tarifaria preverá unha bonificación polas administracións subscribintes de 33 céntimos de euro (0,33 Euros) sobre calquera usuario que opte polo sistema de pagamentos establecido para o efecto nos servizos prestados nas concesións interurbanas entre dous puntos comprendidos no ámbito xeográfico do presente convenio; paralelamente, e igualmente dentro do sistema interurbano, establecerase unha tarifa mínima para o usuario, substitutiva no ámbito da área da tarifa mínima de percepción, de sesenta e sete céntimos de euro (0.67 €), IVE incluído, igualmente aplicable aos usuarios que opten polo referido sistema de pagamentos; a minoración da referida tarifa con respecto ao mínimo de percepción establecido con carácter xeral non cuberta plenamente pola achega das administracións será soportada polos operadores

no ámbito dos correspondentes contratos - programas. As administracións promoverán cos operadores a súa colaboración directa para acadar unha rebaixa lineal en toda a rede de transporte da área, equivalente á asumida por eles no ámbito cuberto pola tarifa mínima de percepción.

A bonificación tarifaria aos usuarios antes referida e correspondente ás administracións, será asumida na contía de 0,225 euros pola Xunta de Galicia, e con 0,105 euros polos concellos subscribintes, atendendo á utilización real do transporte en cada un deles. Para tal efecto, corresponderá a cada concello a bonificación das viaxes con orixe ou destino no mesmo, agás o de Santiago, que asumirá a bonificación das viaxes con orixe e destino no seu termo municipal.

A participación relativa da Xunta de Galicia e dos Concellos indicada na aliña anterior, poderá ser alterada, logo da tramitación preceptiva dos correspondentes expedientes de gasto, por acordo unánime da comisión de seguimento prevista neste convenio.

Nos acordos aos que a Xunta de Galicia chegue cos operadores dos servizos de transporte antes referidos, preverase en todo caso a asunción por parte destes da bonificación tarifaria antedita na parte non cuberta polas administracións subscribintes, así como a correspondente á expedición de títulos de transporte por riba do incremento anual recollido como **anexo II** respecto do ano inmediatamente anterior.

Igualmente, os operadores comprometeranse á achega á administración de cantos datos de explotación resulten precisos para o seguimento do propio sistema de transporte e, singularmente, da xustificación dos fondos públicos dedicados á bonificación das tarifas; os ditos datos serán facilitados pola Xunta de Galicia ás demais administracións participantes a través da Comisión de seguimento e, no seu caso, da súa subcomisión, prevista na estipulación oitava deste convenio.

As tarifas dos servizos obxecto deste Convenio (incluído o mínimo de percepción) estarán sometidos ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes nas Ordes de incrementos tarifarios, tomando como base para o efecto os incrementos experimentados polo IPC xeral.

As administracións asinantes comprométense a incrementar as súas achegas na porcentaxe prevista no apartado B do Anexo II durante os tres primeiros anos de aplicación do convenio.

Os dous anos restantes, os asinantes do Convenio aprobarán, por unanimidade, a porcentaxe de incremento a aplicar á achega. En defecto de acordo unánime manterase como mínimo obrigatorio a contía establecida para o terceiro ano, sen prexuízo de acordos bilaterais entre a Xunta e algún dos Concellos para incrementar a subvención lineal.

**2.- Financiamento.-** A achega que corresponde efectuar a cada administración pública con base no previsto nesta estipulación estímase no máximo determinado para o efecto no **anexo II** deste convenio para cada unha das respectivas anualidades, sen prexuízo da súa actualización anual pola Comisión de seguimento do convenio segundo o fixado nesta mesma estipulación. A dita previsión estimarase en todo caso aproximada, considerando a ponderación que se efectúa no referido anexo tanto da penetración social dos novos medios de pagamento cos que operará a bonificación, como da porcentaxe máxima global de incremento de usuarios bonificados pola administración, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigas por riba das indicadas contías, e coa mesma sistemática que a prevista no punto anterior.

As administracións públicas parte no convenio dispoñen do orzamento preciso para o presente exercicio, e comprométense a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso

corresponda segundo o referido anexo e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados pola Comisión de seguimento do convenio.

A indicada achega será xestionada pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia; para tal fin, os concellos subscribintes comprométense a transferir a esta as súas correspondentes achegas nun prazo máximo de dous meses dende a data do na que se asina o presente convenio.

As transferencias a realizar ao operador urbano como consecuencia das bonificacións tarifarias aplicadas no dito ámbito corresponden ao Concello de Santiago sendo este o responsable á hora de calcular a contía e a forma de pago. Os datos relativos ás viaxes urbanas realizadas coa tarxeta de transporte da Área Metropolitana de Santiago e das compensacións asumidas polo Concello de Santiago serán aportados á Comisión de seguimento na primeira quincena de xullo e de xaneiro en relación co primeiro e segundo semestre de cada ano.

**Revisión.** As porcentaxes indicadas no referido **anexo II** serán actualizadas anualmente pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava deste convenio, atendendo aos resultados de explotación do ano anterior; exclusivamente para tal fin, considérase como ano de explotación o conformado por ciclos de 12 meses contados a partir da posta en funcionamento dos servizos da área metropolitana de Santiago, debendo a referida Comisión analizar os ditos datos e acordar, no seu caso, a súa modificación, no duodécimo mes anterior ao exercicio orzamentario ao que resulten de aplicación. De non se acadar un acordo pola indicada Comisión dentro do mes referido, no exercicio inmediato seguinte manterán a súa vixencia as porcentaxes vixentes no ano anterior. A primeira revisión das porcentaxes terá lugar para o exercicio orzamentario no primeiro mes de cada ciclo, atendendo aos resultados de explotación do sistema nos 12 meses anteriores.

**Reaxuste.** No mesmo acordo no que se procede á actualización anual prevista na aliña anterior, poderase acordar igualmente o reaxuste da correspondente anualidade, atendendo aos datos de explotación dos meses transcorridos do ano natural; para tal fin, analizaranse as viaxes que corresponde bonificar a cada administración pública parte no convenio, ponderando a posibilidade de efectuar un reaxuste na anualidade, coa devolución ás administracións parte dos remanentes de crédito previstos, no seu caso, ou a determinación dos maiores ingresos a efectuar, de ser estes precisos, coa garantía en todo caso da suficiencia dos créditos globais para atender as obrigas da referida anualidade.

**Liquidación.** Na primeira quincena de ano, a comisión de seguimento do convenio procederá á liquidación definitiva do ano anterior, atendendo ás obrigas que efectivamente correspondera aboar a cada administración. A referida comisión poderá dispor, atendendo á referida liquidación, un reaxuste das obrigas correspondentes á presente anualidade, establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano os concellos excedentarios do ano anterior, e a incorporación pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dos fondos sobrantes daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente aos municipios deficitarios, ata o importe non cuberto no exercicio anterior. Este eventual incremento do crédito a achegar polos municipios deberá ser transferido á Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto no punto dous desta estipulación para a transferencia das achegas ordinarias.

**Xerais.** De non se efectuar as achegas correspondentes a cada administración nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter, e compensar, os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

A Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, coa achega efectuada polos concellos subscribintes e máis coa súa propia, compensará aos operadores a minoración tarifaria conveniada, de acordo cos contratos – programa que cos mesmos subscriba, e ata o límite máximo previsto neste convenio, correspondendo aos indicados operadores a asunción da indicada minoración en canto exceda as marxes determinadas (incremento de usuarios anual máximo establecido no **anexo II**; diferenza entre a achega efectuada polas administracións e a minoración tarifaria ao usuario asumida en cada caso, ... ). Para tal fin, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes efectuará unha xeración de crédito na súa propia aplicación orzamentaria, podendo empregar para a materialización dos pagamentos aos operadores calquera forma ou procedemento admisible en dereito.

**3.- Operatividade.-** Como garantía dun correcto funcionamento do sistema de transportes e da política tarifaria, á vez que como capitalizador de calidade para o mesmo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes concertará cos operadores interurbáns o establecemento dun medio de pagamento único e común en toda a área, mediante tarxetas dotadas dun chip e un sistema tecnolóxico que permita as cancelacións nos vehículos e a transmisión precisa, constante e regular de datos ás administracións públicas e entidades colaboradoras. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Santiago colaborarán con vistas a asegurar a compatibilidade de medios de pagamento dos servizos de transporte urbán e interurbáns.

Para tal fin, a dita consellería poderá celebrar acordos, convenios ou calquera outro tipo de negocio xurídico admisible en dereito con entidades financeiras que colaboren deste xeito na xestión do sistema de transportes.



**SEXTA.-** Mellora das infraestruturas de transporte.

**1.-** Novas infraestruturas.- As administracións convenientes comprométense a colaborar na dotación ao sistema de transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago das infraestruturas e mobiliario urbano adecuados para o fin de garantir a calidade do servizo prestado aos usuarios.

Para tal fin, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes procederá á subministración e instalación de novo mobiliario urbano, marquesiñas e postes de parada, nos puntos sinalados no **anexo III** ao presente convenio. Os ditos puntos de instalación son coñecidos polas administracións asinantes, manifestando os municipios subscribintes respecto dos emprazamentos nos seus respectivos termos municipais, a súa plena aceptación para o fin de proceder a aquela instalación, así como a adecuación urbanística dos referidos emprazamentos. Nesta liña, con anterioridade á formalización do presente convenio, os Concellos asinantes terán remitido, á Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, testemuño do acordo adoptado polo órgano competente, que en cada caso corresponda, acerca dos seguintes extremos:

- Compromiso de outorgamento de cantas autorizacións, permisos ou licencias sexan precisas para a debida instalación do mobiliario urbano.
- Compromiso de outorgamento, salvo declaración expresa en contrario, de cantas autorizacións, permisos ou licencias fosen precisos para a explotación comercial publicitaria das indicadas instalacións, ou dos emprazamentos publicitarios alternativos que no seu caso se indiquen

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes poderá licitar conxuntamente a subministración, instalación, conservación, mantemento e explotación das novas instalacións, comprometéndose os concellos subscribintes, no exercicio das súas competencias, tanto a facilitar a indicada explotación comercial, como á achega doutros emprazamentos idóneos nos que

situar puntos publicitarios nos seus ámbitos urbanos, alternativos daqueles nos que, pola súa prohibición legal ou nula rendibilidade económica, non resultara posible ou conveniente a referida explotación publicitaria.

En todo caso, tanto no suposto de quedar deserta a indicada licitación conxunta da subministración, instalación, mantemento, conservación e explotación, como no de optar a Consellería subscribinte por licitar e contratar unicamente a subministración e instalación do mobiliario urbano, os municipios asinantes comprométense a asumir nestes casos, unha vez recibidas as subministracións pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a súa explotación, mantemento e conservación, logo da comunicación cursada para o efecto pola Dirección Xeral de Transportes, e sen prexuízo da ulterior formalización da correspondente acta de entrega daquelas aos Concellos. Pola utilización da referida infraestrutura non se poderá impor aos transportistas nin aos usuarios ningún tipo de carga ou gravame.

**2.- Financiamento.-** O financiamento das novas infraestruturas previstas no punto anterior e detalladas no **anexo III** do presente convenio, será asumida integramente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ata un importe máximo de 240.000 €.

**SÉTIMA.-** Promoción do transporte metropolitano.

As administracións convenientes comprométense, nos seus respectivos ámbitos, á promoción do Transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago. A dita promoción efectuarase por cantos medios se estimen idóneos para tal fin, atendendo ás peculiaridades de cada ámbito. A dita promoción farase baixo o concepto de marca Transporte metropolitano de Galicia na Área de Santiago de Compostela, incorporado como **anexo IV** ao presente convenio, e segundo o seu manual de uso e identidade corporativa elaborado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

As partes asinantes comprométense a facer mención ou exposición, en cantas aplicacións publicitarias e actos de promoción executen, das entidades públicas ou privadas que colaboren coa promoción do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago, previo acordo expreso ao respecto da comisión de seguimento prevista na estipulación oitava deste convenio; especificamente, de se establecer así nos acordos que para o efecto estableza a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes coas entidades, tanto públicas como privadas e, singularmente, das financeiras, previstas nas estipulacións terceira, cuarta e quinta deste convenio, deberá facerse en todo caso a referida mención ou exposición expresa daquelas, nos termos dos referidos acordos de colaboración.

#### **OITAVA.-** Comisión de seguimento.

**1.-** Comisión de seguimento. Composición.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio de colaboración, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento integrada por:

- A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que a presidirá, podendo delegar o exercicio das súas funcións no vicepresidente.
- O director xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que actuará como vicepresidente e exercerá o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia, podendo ser suplido por un subdirector da indicada dirección xeral; sen prexuízo da delegación prevista na alínea anterior, ao director xeral de Transportes ou ao seu suplente corresponderalle a presidencia en caso de ausencia do presidente.
- O alcalde de cada un dos municipios convenientes, que exercerán o dereito de voto que a cada un deles lles corresponda; poderán ser suplidos por un concelleiro das respectivas corporacións. Os ditos representantes poderán concorrer ás reunións desta comisión asistidos por un técnico do indicado municipio.

- Dous técnicos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes designados polo director xeral de Transportes.

**2.- Funcións.-** A mencionada Comisión asumirá as seguintes funcións:

- a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito do presente convenio, propoñendo no seu caso as variacións que se consideren precisas.
- b) Levar a cabo, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada unha das administracións públicas asinantes, o seguimento das actuacións incluídas no presente convenio; nos referidos termos, participará nas relacións cos operadores de transporte, tanto na elaboración dos contrato-programa previstos no convenio, como na revisión de tarifas.
- c) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste Convenio.
- d) Garantir o intercambio de información entre as Administracións participantes.
- e) A promoción de cantos estudos sobre o transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago se estimen precisos ou convenientes, a súa análise, e a elevación ás respectivas administracións competentes de cantas propostas se estimen para a promoción do referido transporte.
- f) Proposta de introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios, ben como iniciativa social das administracións, ben como iniciativa doutras entidades públicas ou privadas interesadas.
- g) A análise e proposta ás administracións parte da adopción progresiva de medidas de discriminación positiva a favor do transporte público colectivo fronte ao transporte particular; para tal fin, a comisión promoverá o desenvolvemento e seguimento de estudos sobre a introdución, entre outras medidas, de carril bus, restricións de

estacionamento, direccións únicas, prioridade semafórica, peatonalización con permeabilidade para o transporte público etc.

- h) A análise e proposta de cantas cuestións se lle atribúen no presente convenio.

**3.- Operatividade e sistema de voto.-** A Comisión reunirase cunha periodicidade cando menos trimestral, así como cando o soliciten alomenos dous membros da mesma.

A comisión adoptará os seus acordos por maioría simple do total de votos ponderados emitidos; non obstante, será preciso o voto cualificado do sesenta por cento do voto ponderado e un mínimo de tres concellos para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- adopción de propostas de integración de novos membros no ámbito do convenio
- adopción de propostas que supoñan compromisos orzamentarios para as partes subscribintes maiores dos previstos no propio convenio; sen prexuízo do establecido na estipulación quinta deste convenio.

A adopción de propostas de aprobación de plans de transporte ou novas infraestruturas de transportes adoptaranse por unanimidade.

A ponderación de votos na comisión realizarase consonte co seguinte baremo:

- Xunta de Galicia: 50 % dos votos.
- Concellos: 50 % dos votos; a asignación de votos ponderados entre os concellos realizase consonte coa poboación de dereito de cada un deles, co seguinte reparto:
  - ? Santiago de Compostela: 29,803695 % votos.
  - ? Ames: 6,460442 % votos.
  - ? Boqueixón: 1,3759425 % votos.
  - ? Brión: 2,1224954 % votos.

- ? Oroso: 1,9149582 % votos.
- ? Teo: 5,1732597 % votos.
- ? Val do Dubra: 1,5234455 % votos.
- ? Vedra: 1,6257617 % votos.

A Comisión de seguimento poderá delegar nunha subcomisión técnica designada ao efecto, o estudo dos aspectos técnicos pertinentes dos proxectos, así como o seguimento ordinario e directo da xestión do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela . A dita subcomisión estará integrada por ata dous membros designados pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e un membro designado por cada un dos municipios convenientes, gardando para a adopción de acordos a mesma proporcionalidade de voto que a prevista para a Comisión de seguimento.

A relación entre os operadores e a Administración canalizaráanse sempre a través do contrato concesional que vencella á Xunta de Galicia e aos concesinarios.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, en aras a acadar o máximo nivel de operatividade e mellorar a interlocución entre o conxunto das administracións que impulsan a área de prestación coordinada de Santiago e os transportistas adheridos á mesma a través de contratos-programa, establecerase unha canle de comunicación entre a Comisión de seguimento integrada pola representación das Administracións públicas e os operadores integrados na área.

#### **NOVENA.-** Duración.

O período de vixencia do convenio de colaboración comezará o día seguinte ao da súa sinatura e estenderase ata 31 de decembro de 2010, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar o dito prazo en virtude de causa debidamente

xustificada. Á finalización do período indicado, co fin de manter a liña de colaboración iniciada durante a elaboración, tramitación e formalización dun novo marco de colaboración que veña dar continuidade ao presente, estimárase este prorrogado por prazos sucesivos dun ano en caso de acordalo así a comisión de seguimento prevista na estipulación oitava por unanimidade de todas as Administracións asinantes deste convenio.

O dito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 1 de decembro do ano do seu vencemento, ou do de vencemento da correspondente prórroga, logo da preceptiva tramitación dos correspondentes compromisos de gastos para o novo exercicio, e na mesma deberán detallarse o máis posible as liñas de actuación a seguir cara o novo marco de colaboración.

Para os efectos das prórrogas previstas nas aliñas anteriores, a comisión de seguimento do convenio promoverá e supervisará a realización polas administracións intervintes, dun estudo ou plan de transporte para a área do presente convenio, a máis tardar a partir do último ano previsto para a súa vixencia, do que se deduzan as liñas de actuación futuras na referida área.

#### **DÉCIMA.-** Extinción.

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo aquel acordo por escrito e coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

A novación subxectiva do convenio, consistente na entrada de novos municipios no seu ámbito, requirirá acordo da comisión de seguimento do mesmo adoptado por unha maioría do sesenta por cento do voto ponderado; en todo caso, a dita novación non poderá supor incremento dos compromisos de gasto asumidos no

presente convenio polos Concellos asinantes, suposto no que se requiriría a formalización dos correspondentes acordos específicos ao respecto.

A novación subxectiva do convenio consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, requirirá a previa comunicación deste ao presidente da comisión de seguimento non máis tarde do día 31 de agosto do ano anterior a aquel no que se materializará a súa saída da área de transporte metropolitano de Santiago; a dita denuncia do convenio e saída da correspondente administración da área de transporte metropolitano de Santiago determinará directamente o cese das bonificacións e demais medidas previstas no convenio respecto do seu ámbito territorial.

#### **UNDÉCIMA.-** Modificacións concesionais

As previsións contidas no presente convenio terán validez entre as administracións asinantes e co operador de transporte, mentres dure a validez do convenio e dos contratos-programa que traian consecuencia do mesmo.

As modificacións que se introduzan no clausulado das concesións por mor dos mesmos terán unha vixencia vencellada á do convenio e os contratos-programa correspondentes.

Ao termo da mesma ou, no seu caso, a partir do momento en que produza efectos a denuncia dos mesmos respecto a un concello ou operador determinado, restableceranse as condicións de explotación recollidas no título concesional no momento da posta en funcionamento da área de prestación coordinada de Santiago, sen prexuízo da capacidade da Xunta de Galicia para modificar os contratos de xestión de servizos públicos co procedemento, trámites e informes establecidos na lexislación aplicable.



## **DUODÉCIMA.-** Réxime xurídico.

O presente convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, consonte o disposto no artigo 3 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puideran suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa.

## **FINAIS**

**Primeira.-** A constitución da denominada Área de transporte metropolitano de Santiago efectúase con efectos exclusivamente funcionais, sen que supoña a constitución de novos órganos administrativos, nin a atribución de personalidade xurídica propia, nin a atribución ou delegación de competencias propias de cada unha das administracións asinantes.

**Segunda.-** A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, coalborará estreitamente co Concello de Santiago de Compostela ao efecto de garantir o cumprimento estricto do réxime de paradas acordado no presente Convenio de xeito que a realización das mesmas de xeito non autorizado no Convenio e nos títulos concesionais, constatado polos axentes de calquera das dúas administracións, será tratado como incumprimento das condicións da concesión polas administracións concedentes dos servicios

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Política Territorial,  
Obras Públicas e Transportes

Polo Concello de Santiago de  
Compostela

M<sup>a</sup> José Caride Estevez

Xosé Antón Sánchez Bugallo

Polo Concello de Ames

Polo Concello de Boqueixón

Carlos Antonio Fernández Castro

Adolfo Gacio Vázquez

Polo Concello de Brión

Polo Concello de Oroso

José Luís García García

Manuel Mirás Franqueira

Polo Concello de Teo

Polo Concello de Val do Dubra

Armando Urbano Blanco Martínez

Juan Manuel Baleato Iglesias

Polo Concello de Vedra

Odón Casimiro Cobas García

## ANEXO I

### MELLORA DA PENETRACIÓN URBANA: REORDENACIÓN DAS PARADAS

O Concello de Santiago procederá a sinalizar as paradas que se indican a seguir, a fin de que os usuarios dos servizos da Área Metropolitana, dentro do percorrido que actualmente prestan, teñan unha maior accesibilidade tanto a diversas zonas do Ensanche de Santiago como aos propios vehículos. O Concello comprométese igualmente a extremar a vixilancia, a fin de evitar estacionamentos ilegais que alteren ou impidan o correcto achegamento dos vehículos de transporte urbano ás mesmas.

O Concello de Santiago de acordo coa Dirección Xeral de Transportes estudiará a dotación, nas paradas de subida, de marquesinas para abrigo e información aos clientes.

As paradas a reordenar serán determinadas polo Concello de Santiago, co informe favorable da Dirección Xeral de Transportes, no contorno dos seguintes emprazamentos:

#### A) SERVIZOS EXCLUSIVAMENTE METROPOLITANOS

**CONCESIÓN: V-7059;XG-433      CASTROMIL, S.A.**

Servizo: **A Gándara (Os Ánxeles)-Santiago (Rúa da Rosa)**

<p>? Itinerario de entrada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Mestre Mateo esq. Ánxel Baltar.</li> <li>o República Argentina (inicio rúa)</li> </ul>	<p>? Itinerario de saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Parada en Romero Donallo a precisar no contrato-programa</li> <li>o Facultades.</li> </ul>
---	---

**CONCESIÓN: V-1989;XG-165      HNOS. FERRÍN, S.L.**

Servizo: **A Gándara (Os Ánxeles)-Santiago (Rúa da Rosa)**

<p>? Itinerario de entrada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o As mesmas que no anterior.</li> </ul>	<p>? Itinerario de saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o As mesmas que no anterior.</li> </ul>
--	--

**CONCESIÓN: V-0152;XG-007 HEDEGASA, S.L.**

**Servizo: Ames/Teo-Milladoiro-Santiago (Rúa da Rosa)**

<p>? Itinerario de entrada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Hotel Peregrino</li> <li>o República Arxentina (inicio rúa)</li> </ul>	<p>? Itinerario de saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Romero Donallo, parada a determinar no contrato-programa</li> <li>o Rosalía de Castro, entorno do Portal nº 126.</li> </ul>
---	--

**CONCESIÓN: V-7059;XG-433 y V-3216;XG-340 CASTROMIL, S.A. e DONADO CAMPOS, S.L.**

**Servizo: Pontevea/ Ramallosa-Cacheiras-Santiago**

Itinerario de Entrada: Galuresa / Romero Donallo / República Argentina ( parada ao inicio) /A Rosa.

Itinerario de Saída: A rosa / Galuresa / Pontepedriña ( parada ).....

**CONCESIÓN: V-7059;XG-433 CASTROMIL, S.A.**

**Servizo: Sigüeiro-Santiago-A Rosa**

Itinerario de Entrada:

....Polígono do Tambre ( parada) /E. de Autobuses (parada)/ Avda. Lugo / A Rosa.

Itinerario de Saída :

A Rosa/ E. De Autobuses (parada)/ Polígono del Tambre (parada).....

**CONCESION V-0065XG002 EMPRESA FREIRE SL**

Os tráficoes Santiago-Lavacolla-Aeroporto prestaranse co réxime tarifario propio da concesión e as estipulacións previstas no convenio para os supostos do uso da tarxeta metropolitana agás as especificidades establecidas para os tráficoes Santiago-Aeroporto.

O servizo efectuará as seguintes paradas:

Estación de Autobuses-Avda. De Lugo nº 2- Doctor Teixeira (cabeceira).

## **B.- SERVIZOS PARCIALMENTE METROPOLITANOS**

Os servizos que, tendo unha cabeceira fóra do ámbito do transporte metropolitano ao que se refire este convenio, inclúan tráfico con orixe e destino comprendidos dentro do dito ámbito terán como cabeceira en Santiago a estación de autobuses, sen prexuízo de que lle sexan de aplicación as condicións xerais deste convenio.

Os corredores de acceso e os puntos de parada dentro de Santiago serán comúns para todas as empresas que accedan polas mesmas estradas.

Aos ditos efectos estableceranse as correspondentes medidas regulatorias, de maneira que a penetración das liñas interurbanas e metropolitanas se efectúe de maneira coordinada e eficiente, mellorando a conectividade global do sistema e conseguintemente a accesibilidade ao mesmo, sobre a base das paradas previstas no estudo de Transportes en Santiago de Compostela comprometéndose, igualmente, as administracións competentes a levar a cabo as pertinentes actuacións para preservar o adecuado funcionamento das mesmas, evitándose itinerarios e paradas indebidas por parte do servizo público, e poñendo todos os medios para eliminar os estacionamentos ilegais por parte do transporte privado.

## ANEXO II

### POLÍTICA TARIFARIA

**A) Títulos de transporte expedidos polos operadores nunha anualidade, agrupados por Concello, no ámbito de actuación do convenio, extrapolados ata o ano 2010**

CONCELLO	VIAXEIROS POR AAPP				
	2006	2007	2008	2009	2010
Xunta de Galicia	2.139.680	2.246.664	2.358.997	2.476.947	2.600.794
Santiago	101.343	106.410	111.731	117.317	123.183
Ames	1.266.898	1.330.243	1.396.755	1.466.593	1.539.922
Boqueixón	36.766	38.604	40.535	42.561	44.689
Brión	46.076	48.380	50.799	53.339	56.006
Oroso	86.366	90.684	95.219	99.979	104.978
Teo	533.881	560.575	588.604	618.034	648.936
Val do Dubra	6.437	6.759	7.097	7.452	7.824
Vedra	68.349	71.766	75.355	79.123	83.079

**B) Bonificación tarifaria prevista que asumirán xa inicialmente as Administracións convenientes, calculada cunha estimación (óptima) de penetración do novo medio de pagamento dun 50%:**

CONCELLO	APORTACIÓNS POR AAPP				
	2006	2007	2008	2009	2010
Xunta de Galicia	171.174	179.733	188.719	198.155	208.063
Santiago	5.067	5.320	5.586	5.866	6.159
Ames	63.345	66.512	69.838	73.330	76.996
Boqueixón	1.838	1.930	2.026	2.128	2.234
Brión	2.304	2.419	2.540	2.667	2.801
Oroso	4.318	4.534	4.761	4.999	5.249
Teo	26.694	28.029	29.430	30.902	32.447
Val do Dubra	322	338	355	373	391
Vedra	3.417	3.588	3.767	3.956	4.153

Importe en euros

## B) SERVICIOS PARCIALMENTE METROPOLITANOS

Nas relacións de tráfico entre Santiago e cabeceiras situadas nun concello non adherido á Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, con independencia do establecemento de paradas comúns por corredores segundo o determinado no anexo V, os viaxeiros que se despracen entre unha orixe e destino comprendidos ambos en concellos asinantes do presente Convenio terán acceso a un réxime tarifario análogo ao que rexe para os itinerarios integramente comprendidos na Área Metropolitana.

Consecuentemente, os pagos efectuados coa tarxeta metropolitana xerarán os mesmos descontos, subvencións e aportacións dos operadores de transporte.

Neste senso, os cadros A e B do anexo II inclúen xa a previsión de viaxeiros transportados que xerarán ditas subvencións, ademais dos servizos recollidos no apartado anterior “servizos exclusivamente metropolitanos nas concesións seguintes:

- ? V-1981; XG-160 e V-1623; XG-104 da empresa Seoane.
- ? V-7026; XG-400 de Hermanos Ferrín, S.L
- ? V-7062; XG-436 de Viajes Rois, S.L.
- ? V-1110; XG-063 de Transportes Mosquera, S.L
- ? V-3050; XG-344 de Empresa Lázara, S.A
- ? V-0065; XG-002 de Empresa Freire.

A Dirección Xeral de Transportes aboará ao Concello de Santiago unha cantidade global de 100.000 € coma compensación á oferta de servizos que asegure o transporte urbano de Santiago directamente ou por acordos de colaboración establecidos, no marco da licitación do transporte urbano de Santiago, mediante solapes ou calquera outra fórmula xurídica.

A dita cantidade experimentará, durante a vixencia do Convenio, o mesmo incremento porcentual que o establecido nos cadros A e B de previsión de incremento da demanda.

### ANEXO III

#### NOVO MOBILIARIO URBANO

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
<b>Santiago</b>	Santa Lucía (Gasolinera)
	Santa Lucía (Pajuela)
	Santa Lucía (Gasolinera dirección Santiago)
	San Vicente de Marantes I (N-550)
	San Vicente de Marantes II (N-550)
	Sigüeiro (N-550)
	Sigüeiro (N-550)
	Sigüeiro (N-550)
	Marrozos (rotonda)
	Villestro I

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
<b>Ames</b>	Milladoiro comezo travesía ppal. (N-550)
	Milladoiro medio travesía ppal. (N-550)
	Milladoiro final travesía ppal. (N-550)
	Milladoiro cerca Capilla de la Magdalena
	Bertamiráns, Avda. da Mahía
	Bertamiráns, Avda. da Mahía
	Bertamiráns, Avda. da Mahía
	Bertamiráns, Avda. da Mahía
	Bertamiráns, Avda. da Mahía
	Ortoño





CONCELLO	EMPRAZAMENTO
<b>Teo</b>	Galanas. Unha en Campos de Miraveles
	Pontevea. Supermercado Pernas.Dirección Santiago
	Pontevea. Centro Médico-Dirección Santiago
	Ramallosa. Fronte ao concello-Dirección Santiago
	Cacheiras. Unha fronte á farmacia
	Cacheiras. Fronte ó teleclub-Dirección Santiago
	Cacheiras. Unha ao lado Supermercado Día
	Montouto. Unha na saída Parque Montouto
	Montouto. Fronte á gasolinera
	Os Tilos. Urbanización Os Tilos

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
<b>Boqueixón</b>	Lestedo, lugar de Pazos
	Lestedo, lugar de Vilar
	Lestedo, lugar de Ramil
	Lestedo, lugar de A Picota
	Lestedo, lugar de Pumares

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
<b>Brión</b>	C-543, rotonda Agro Novo / Mte. Devesa
	C-543, xunto Capela San Ramón
	C-543, fronte gasoliñeira
	Ctra. Barreiros – Os Ánxeles, cruce Os Ánxeles
	Pedrouzos, xunto cuartel Garda Civil



CONCELLO	EMPRAZAMENTO
Oroso	N-550, fronte nº 19 Sigüeiro
	N-550, fronte nº 22 Sigüeiro
	N-550, fronte nº 27 Sigüeiro

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
Val do Dubra	Lugar de Rial (S. Vicente)
	Lugar de Bembibre (San Salvador)
	Lugar de Portomouro (San Cristovo)
	Lugar de Vilar (San Román)
	Lugar de Paramos (Santa María)

CONCELLO	EMPRAZAMENTO
Vedra	8203, Avda. Mestre M. Gómez (Vedra)
	N-525, Santa Cruz, lugar de Sol
	8203, San Xián, lugar de Cibrán-campo da festa
	N-525, Vilanova, lugar de Galegos
	AC-241, San Miguel, Lugar de Cruce Sarandón

## **ANEXO IV**

### **IDENTIDADE CORPORATIVA**

As administracións públicas firmantes do presente Convenio comprométese a utilizar a identidade corporativa definida pola Xunta de Galicia para o Transporte Metropolitano de Galicia dentro de todas as actuacións relacionadas co ámbito e obxecto do mesmo Convenio.

A tal fin, adoptarán o Manual de Identidade Corporativa do Transporte Metropolitano de Galicia nas comunicacións e actuacións relacionadas co mesmo, respectando e utilizando as cores, símbolos, logotipos e tipografía corporativa establecidos no Manual.

A identidade corporativa común plasmarase en todas as actividades dos convenientes relacionadas co Transporte Metropolitano, tanto de información pública, como as relativas ao mobiliario urbano ou de comunicación sen prexuízo de que o mobiliario urbano que, na cidade de Santiago, serva a puntos de parada comúns para o transporte urbano e metropolitano se consensúe polas administracións outorgantes dos servizos fórmulas específicas que compatibilicen as imaxes corporativas dos dous tipos de servizo.

## ANEXO V

### OUTRAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS

Existen unha serie de actuacións que deben ser afrontadas polas administracións convenientes a fin de regular dun xeito adecuado a utilización das infraestruturas de transporte preexistentes, evitando o seu colapso e establecendo o seu réxime de uso dunha maneira fluída e ordeada. A actuación fundamental radica na Rúa da Rosa, recentemente reurbanizada, pero que necesita, para a absorción correcta dos niveis de tráfico que proveñen do transporte colectivo de viaxeiros da Área Metropolitana, das seguintes actuacións:

- Reordenar o espazo destinado a parada bus, de tal xeito que poidan ser diferenciadas as liñas metropolitanas das puramente urbanas:
  - o Así, é necesaria a sinalización horizontal do espazo correspondente a cinco corredores.
    - ✍ Liñas urbanas.
    - ✍ Liña metropolitana do Milladoiro.
    - ✍ Liña metropolitana de Bertamiráns.
    - ✍ Liña metropolitana de Cacheiras.
    - ✍ Liña metropolitana de Oroso
- O Concello autorizará neste espazo as modificacións estruturais que se adapten ao contorno e respondan ás necesidades estruturais e informativas dos servizos de transporte que utilizarán a dita cabeceira e dos seus usuarios.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asumirá a dotación de refuxos axeitados ás necesidades desta cabeceira de servizos de transporte metropolitano.



- É especialmente importante o control pola administración competente do réxime de aparcamento ilegal nas paradas, para evitar problemas de accesibilidade e posible sinistralidade.

## ANEXO VI

### LIÑAS DE PREDOMINANTE INTERESE MUNICIPAL

A petición dos concellos, abordáronse actuacións que varían a oferta actual de transporte e que leva aparellada a obriga de asumir polas Administracións as obrigas de subvención por rebaixa tarifaria e, no seu caso, a de cobertura do déficit de explotación internos recollidos no convenio e nos contratos-programa a asinar cos operadores de transporte.

Na medida na que se trate de servizos adicionais, o posible incremento de usuarios que determine non se verá sometido ao límite de incremento de compensación a recibir polos operadores de conformidade co establecido no anexo II deste Convenio.

#### CONCELLO DE SANTIAGO

As liñas Santiago-Aríns e Santiago-Reborido(Villestro) prestaranse en réxime de contrato-programa coas frecuencias, itinerario, calendario, paradas e réxime económico que convenie o concello de Santiago co prestatario do servizo, respondendo o dito concello do risco financeiro que, no seu caso, se derive do servizo.

Respecto aos tráxicos Santiago-Grixoa, as Administracións propiciarán a busca de solucións sobre a base de contratos-programa que cubran axeitadamente as necesidades de transporte.

#### CONCELLO DE OROSO

Para atender relacións de tráfico de carácter periurbano, o concello de Oroso detecta a necesidade de configurar unha oferta que atenda, primariamente, ás necesidades de desprazamento entre o dito concello e Santiago, tendo en conta as seguintes necesidades específicas:

- ? Expedicións que se adecuen aos horarios máis operativos para a relación de tráxicos Oroso-Santiago.
- ? Acceso ao Polígono do Tambre.
- ? Cabeceira das expedicións en Santiago na Rúa de A Rosa en lugar da Estación de Autobuses.

#### A) SERVIZOS ESPECIFICOS

Coa posta en funcionamento da Area de Transporte Metropolitana de Santiago implantaranse 4 novos servizos de ida e volta coas seguintes características:

Itinerarios: Sigüeiro – Polígono do Tambre – E.A. Santiago – Santiago Rúa da Rosa.

Calendario: luns a venres laborables.

#### B) EXPEDICIÓNS EXISTENTES

Ademais das 4 expedicións de ida e volta de nova creación modifícase o itinerario de 4 expedicións de ida e volta de xeito que, ademais de adaptar o itinerario á entrada no Polígono do Tambre, manterían os seguintes horarios nas cabeceiras de Sigüeiro e Rúa da Rosa:

#### RÉXIME ECONOMICO

O servizo que será prestado cun vehículo de 55 prazas terá unha prestación de 23.000 km/ano.

De non cubrirse a dita contía coas percepcións vía usuario e as subvencións das Administracións públicas, o Concello de Oroso asumirá a obriga de compensar o déficit económico durante o período mínimo de 12 meses de mantemento do servizo, ata un máximo de 20.000 €/ano.

Tres meses antes do remate do dito prazo, no seo da Comisión de Seguimento, estudaranse os datos de explotación do servizo, os posibles déficits de explotación analizados no contexto da explotación global da concesión, e decidírase sobre o mantemento, a novación ou a rescisión do réxime particular de servizos correspondentes ao dito tramo, así como do réxime de compensación a cargo do concello, analizado no contexto do equilibrio global da concesión, de acordo co previsto no apartado 3.2.2 do acordo asinado entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e as federacións de transporte de viaxeiros.

### Concesión preferente

A liña integrárase preferentemente dentro da concesión V-7059;XG-165, da que é concesionaria a empresa CASTROMIL, S.A.

### Explotación da liña

Explotación convencional de liña regular de uso xeral con percorridos e horarios de paso fixos.

### Percorrido da liña

Ida:

Sigüeiro-Polígono del Tambre-Rúa do Cruceiro da Coruña-Praza de España-Rodríguez de Viguri-Avda. de Lugo-Parlamento-A Rosa..

Volta:

A Rosa-Parlamento-Avda. de Lugo-Rodríguez de Viguri-Praza de España-Rúa do Cruceiro da Coruña-Polígono do Tambre-Sigüeiro.

### Calendario e horario de explotación

Catro expedicións diarias de ida e volta.

### Réxime tarifario

O indicado para as concesións interurbanas da Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, e, máis concretamente, para a concesión de CASTROMIL, S.A.

Os viaxeiros que utilicen a tarxeta de transporte metropolitano nos percorridos Sigüeiro-Santiago, xa sexan das novas 4 expedicións de ida e volta ou das existentes (modificadas ou non) terán dereito ao pago das contías reducidas previstas no Convenio, e o empresario, á percepción das subvencións a cargo da Xunta e do Concello de Oroso ou do de Santiago, en función de que o punto de inicio da viaxe de ida cara a Santiago ou de destino, na de volta, se atopen no termino municipal dun ou doutro Concello.



### Tráficos autorizados

Os autorizados a Castromil, S.A., no seu título concesional, sen que expresamente poida realizar tráfico que supoña unha competencia co transporte urbano de Santiago de Compostela. O que significa que na matriz de tráfico deste servizo debe impoñerse prohibición de tráfico de e entre o Polígono do Tambre, incluído, cara a Santiago, e viceversa.

### Tráficos afectados por outras concesións

Ningún, sempre e cando se manteña o actual réxime de prohibicións.

## **CONCELLO DE TEO**

Con independencia do mantemento dos servizos Calo/Milladoiro/Santiago na súa actual configuración de itinerarios, paradas, cabeceira na Rúa da Rosa, frecuencias e rebaixas tarifarias que posibilita o Plan de Transporte Metropolitano, acordáronse os seguintes servizos específicos entre os Concellos de Teo e Santiago.

### **A.- LIÑA RAMALLOSA-CACHEIRAS-SANTIAGO**

#### Concesión preferente

A liña integrarase dentro das concesións V-7059;XG-433 e V-3216;XG-360, das que son concesionarias respectivamente as empresas Donado Campos, S.L. e Castromil, S.A.

#### Explotación da liña

Explotación convencional de liña regular de uso xeral con percorridos e horarios de paso fixos.

### Percorrido da liña

Ida:

( Pontevea)-Ramallosa-Cacheiras-Os Tilos-Outeiro-Pontepedriña-Galuresa-Romero Donallo-Rúa A Rosa.

Volta:

Rúa A Rosa-Galuresa-Pontepedriña-Outeiro-Os Tilos-Cacheiras-Ramallosa(Pontevea).

Os referidos servizos asegurarán, mediante a realización dos oportunos desvíos a comunicación entre a Rúa da Rosa e as Urbanizacións dos Verxeis e Augas Mansas, nos termos que se determinen nos correspondentes contratos-programa.

### Calendario e horario de explotación

Servizo de luns a venres cada media hora en ambos sentidos, a partir de Pontevea/Ramallosa asegurado polas empresas Donado Campos, S.L. e Castromil, S.A. nos termos establecidos nos contratos-programa.

Os sábados e domingos os servizos manteranse nas frecuencias actuais, sen prexuízo de que nos contratos-programa se incremente o número de expedicións nos termos e coas garantías de mantemento do equilibrio económico das expedicións adicionais que comprometa o concello de Teo.

### Réxime tarifario

O réxime tarifario será o das concesións das que provén o tráfico coas especificidades previstas pola Dirección Xeral de Transportes para a Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela dende Pontevea, no relativo aos descontos e subvencións xeradas polo uso da tarxeta metropolitana.

### Financiamento

Explotación a risco e ventura por ambos concesionarios, coa salvedade das actuacións de política tarifaria dentro da Área Metropolitana de Transportes de Santiago de Compostela.

### Tráficos autorizados

Os actualmente autorizados nas concesións dos explotadores do servizo.

### Tráficos afectados por outras concesións

Ningún sempre e cando se manteña o actual réxime de prohibicións.

## **B) SERVICIO URBANIZACIÓN OS TILOS-SANTIAGO E SAN SADURNIÑO-SANTIAGO**

As partes asinantes comprometen a súa vontade de empeñar todo o seu esforzo para acadar un réxime de servizo que, dentro do marco do espírito e principios inspiradores deste convenio e de acordo cos condicionantes legais e de dereitos concesionais existentes, artellen unha oferta de servizo axeitado ás necesidades dun tráfico que, sendo formalmente interurbano, reúne todas as características propias dun transporte urbano.

Deste xeito, estudiaranse as diferentes fórmulas que propicien un acordo cos operadores de transporte interesados, co obxectivo de que a oferta de transporte sexa a óptima relativa en canto á calidade de oferta, frecuencia de servizos e prezo para o usuarios.

Todo isto sen excluír a implementación de formulas provisionais e transitorias que eviten un vacío de servizo durante a negociación dos contratos-programa cos operadores e a confección dos cadros maestros de control dos medios de pago.

## CONCELLO DE AMES

### **Modificación de servizos**

Ao obxecto de dar maior cobertura terroial ao concello de Ames, ampliarase o itinerario que, na actualidade, ten cabeceira no lugar de Raices de xeito que, en lugar de utilizar o dito lugar como parada reguladora do servizo, continúe en servizo circular.

O itinerario, a partir de Raices, cruzará sobre a vía do tren, para, a través de nucleo de Tarrío, volver a pasar a ponte sobre o ferrocarril nos aleñados do colexio Alca e continuar cara o Milladoiro.

Así mesmo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes adoptará, nos Contratos-Programa a asinar cos operadores de transporte, medidas tendentes a acadar melloras cuantitativas e cualitativas da relación de tráfico Bertamiráns-Milladoiro, actuando sobre os itinerarios, paradas, frecuencias e, no seu caso, prohibicións de tráfico existentes na actualidade.

### **Novos servizos**

Aos efectos de mellorar a velocidade comercial do servizo e dar cobertura aos novos bloques de vivendas construídas ao longo dos eixos que constitúen as rúas “de Abaixo” e “Agra do Medio”, ademais do servizo actualmente prestado entre a rúa da Rosa e a rotonda de “As Viñas” o tráfico Santiago-Milladoiro discurrirá, a partires da rotonda de acceso ao Milladoiro, pola parte interior do referido núcleo para rematar na Rúa da Magdalena.

O dito itinerario prestarase con adscrición de novos vehículos e persoal adicional.

A implantación do servizo realizarase nun prazo de dous meses a partir da sinatura dos contratos-programa cos operadores.

## **Réxime Tarifario**

Como mellora adicional xa acordada entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a empresa operadora, establecerase que a tarifa alternativa a aboar polos usuarios do transporte que paguen o mínimo de percepción en efectivo, é dicir, sen utilizar a tarxeta de transporte metropolitana, será inferior ao mínimo de percepción establecido no orde tarifaria, sen custo adicional para as administracións asinantes.

A referida tarifa non poderá, en ningún caso, ser inferior aos ingresos que percibe a empresa, en concepto de mínimo de percepción.

## **CONCELLO DE BRIÓN**

### **Mellora da frota**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes recollerá como un dos condicionantes principais dos contratos-programa a asinar cos operadores do transporte un plano de renovación da frota adicada aos servizos comprendidos na área de transporte metropolitano.

En concreto, nas expedicións con cabeceira en Brión e Santiago, establécese como compromiso a adscrición de vehículos de piso baixo e a redución significativa da idade media da frota no contorno do 50%.

Na Comisión de Seguimento analizarase periodicamente a implementación do plano de renovación da frota.

### **Oferta de transporte**

As administracións asinantes realizarán unha análise particularizada do nivel de oferta existente no corredor Brión-Santiago á vista dos datos do primeiro semestre de

explotación do Plan de Transporte Metropolitano ao obxecto de definir, no seu caso, unha proposta de modificación a someter á Comisión de Seguimento.

O concello de Brión e a Dirección Xeral de Transportes artellarán un sistema de coordinación para a inspección, control e cumprimento do volume de oferta e do respecto ás condicións de prestación acordadas.

### **Modificación de servizos**

Os servizos que presta a empresa Hermanos Ferrín entre o cruce dos Ánxeles e a rúa da Rosa prolongaranse ata o lugar de Pedrouzo.

### **Réxime tarifario**

O prezo do servizo de transporte entre Pedrouzo e Santiago reducirase. A dita rebaixa terá tratamento de mellora específica solicitada polo concello e, consecuentemente, non contará con aportación adicional da Xunta de Galicia, agás a subvención establecida con carácter xeral para todo os usuarios do transporte metropolitano.

Deste xeito, o concello de Brión asume a obriga de aboar a subvención adicional á empresa operadora, co mesmo carácter, procedemento e garantías que o resto dos compromisos económicos asumidos. Pola súa banda, a empresa operadora aportará unha contía adicional co obxecto de reducir o custo do servizo.

O importe final a aboar polos usuarios e as aportacións respectivas do Concello e operador determinaranase no contrato-programa.

## **CONCELLO DE VEDRA**

### **Oferta de servizos**

A Dirección Xeral de Transportes aportará ao concello de Vedra os datos de explotación que permitan realizar unha análise da viabilidade de someter á Comisión de Seguimento a modificación das expedicións da empresa CASTROMIL co obxecto de engadir unha derradeira expedición ou, no seu caso, modificar os horarios coa finalidade de retrasar a derradeira expedición que comunique Santiago con Vedra.

Integraranse, entre os servizos metropolitanos subvencionados polas Administracións e, polo tanto, con tarifas reducidas, os das concesións V-1981; XG 160 e V-1623; XG 104 da titularidade da empresa Seoane con cabeceiras respectivamente en Ponte de Sarandón e San Cristovo de Merín.